

# AGROAMB PRODALT, S.L.U.



"A maior dificultade foi atopar tecnoloxía apropiada para o que queriamos facer"

*Álvaro Ónega Ares / Severiano Ónega Ares*

## Datos básicos

<b>Actividade:</b>	Xestión de residuos orgánicos
<b>Sector de actividade</b>	Actividades de reciclaxe e ambientais
<b>Nº empregados</b>	35
<b>Inversión inicial</b>	600.000 €
<b>Financiamento inicial:</b>	O proxecto inicial foi financiado cunha partida de 300.000 € por un préstamo subsidiado polo IGAPE e por fondos europeos dentro do programa LEADER II. Ademais aportamos 260.000 € de fondos propios entre maquinaria e tesourería.
<b>Web:</b>	<a href="http://www.agroamb.com">www.agroamb.com</a>
<b>Municipio:</b>	Lugo, Lugo
<b>Ano creación:</b>	2000

## Descrición do proxecto

Dedicámonos á xestión de residuos orgánicos tanto urbanos coma non urbanos. Recollemos, transportamos e valorizamos os residuos para convertelos nun subproduto susceptible de xerar novos ingresos.

Ademais, promovemos unha planta de transferencia e tratamento de lodos situada en Castro de Rei. Estes lodos son biosólidos ou residuos orgánicos valorizables en agricultura.

Nesta planta, a través dun innovador proceso de xestión, obtemos un fertilizante orgánico de baixo custo e apto para uso agrícola e forestal.

Os bio-residuos poden ser unha importante fonte de nutrientes, materia orgánica, nitróxeno e fósforo, e por elo son especialmente axeitados para ser utilizados como fertilizante no sector agroforestal. Entre as súas variadas vantaxes hai que salientar que melloran a estrutura do solo, o seu grao de porosidade e a capacidade de retención de auga debido fundamentalmente á achega de materia orgánica. Ademais teñen a facultade de incrementar no solo o contido en materia orgánica, nitróxeno orgánico e fósforo.



## Descrición do proxecto

Neste sentido, ofrecemos un servizo individualizado de asesoramento ás explotacións e elaboramos programas de fertilización integral para potenciar a biofertilidade dos solos e lograr unha nutrición completa e equilibrada dos cultivos.

A continuación describimos o proceso da xestión do biosólido:

- Caracterización do bio-residuo

Mediante análises químicas determinamos a aptitude do bio-residuo para a súa posterior aplicación como fertilizante.

- Localización de emprazamentos de aplicación

- Análise do terreo

Permite a elaboración dun plan de fertilización que, xunto coa analítica do bio-residuo, o cultivo e o rendemento por termo medio do cultivo na zona, permite coñecer a cantidade de bio-residuo que se debe aplicar ao terreo. Nesta analítica se consideran os índices establecidos pola lexislación e todos aqueles parámetros relevantes para un bo fertilizado.

- Cálculo da dose máis axeitada de fertilizante, en función de determinadas variables.

- Transporte e aplicación do bio-residuo no terreo

Os medios técnicos para aplicar o bio-residuo nos terreos destinatarios están en función das calidades do produto (sequidade, pastosidade, esponxosidade, etc.). Se a materia o permite, usase un camión espallador con tracción total deseñado para tal fin ou ben un remolque espallador arrastrado por un tractor, ou proceder á aplicación mediante a súa inxección no terreo.

- Seguimento da xestión do bio-residuo

Periódicamente informase á autoridade competente sobre os destinos dos bio-residuos e das súas doses de aplicación. Ademais, mantemos constantes análises do terreo abonado para retroalimentar o noso proceso de xestión e manter en todo momento os niveis óptimos de fertilidade.

## Datos empresa

### Claves do éxito

Creemos que as circunstancias do mercado foron favorables, deuse unha coincidencia de factores que xeraron unha demanda que decidimos satisfacer.

Pero gracias ao tesón e a ilusión que puxemos nel, desenvolvemos un proxecto que estaba chamado a caer en mans dunha gran empresa. Estamos tratando cerca de 60.000 kg. de lodo na actualidade, e ser os pioneiros nos axudou moito a superar as barreiras e a seguir posicionados en primeiro lugar.



## Datos empresa

### Situación actual

Consolidámonos no mercado da Valorización de lodos, e a Planta de Tratamento e Transformación de residuos biodegradables xa está en pleno funcionamento. Nela realízase o tratamento dos bioresiduos a base de materiais alcalinos, para a posterior elaboración de fertilizantes.

A empresa, na actualidade, está inscrita como Xestor de Residuos Sólidos Non Urbanos e Urbanos identificada cos códigos CG-I-NP-XV-00064 e SC-OU-NP-XV-00040 pola Consellería de Medio ambiente e Desenvolvemento Sostible, conta coa autorización para a realización de actividades de xestión de residuos non perigosos e urbanos, consistente na valorización de residuos orgánicos biodegradables para a elaboración de fertilizantes órgano-minerais, e a recollida e transporte dos mesmos segundo autorización SC-I-NP-XRT-56. Agroamb está autorizada ademais, como PLANTA TÉCNICA pola Consellería de Medio Rural co nº de rexistro: É.27.04.PTEC, para o tratamento de SANDACH (subprodutos animais non destinados a consumo humano) da categoría 3, así como para o transporte de SANDACH co nº de rexistro: GAL.27.018.VT-SA.

Temos, desde 1999, oito proxectos que desenvolvemos coas universidades de Santiago, Vigo e A Coruña. Trátase de proxectos vinculados ao tratamento e aplicación de lodos en explotacións agrícolas.

Por outra parte, temos proxectos para abarcar novos sectores dentro do mercado da xestión medioambiental. Existen residuos e subprodutos que serían valorizables, ademais dos lodos, e que de momento teñen como destino os vertedoiros. Xa que logo tratamos de buscar a referencia doutros países da nosa contorna e dala a coñecer para gañar a confianza no mercado.

Agroamb xerou unha empresa de transporte de lodos e unha terceira de servizos agrícolas, ademais de formar unha Ou.T.E (AGROAMB-TRESIMA) e deseñamos unha patente que se atopa en proceso de aprobación.



## Datos empresa

### Perfil cliente

Ofrecemos os nosos servizos a comunidades, concellos, empresas, asociacións e outras entidades xestoras de estacións de depuración de augas ou recollida e tratamento de residuos orgánicos, normalmente de orixe urbano, gandeiro ou industrial.

En particular, o perfil dos nosos clientes pódese dividir en dous grupos:

- Produtores de residuos, a quen se lles xestionan (por exemplo, concellos con depuradoras de auga que necesitan xestionar os seus lodos)
- Propietarios de explotacións gandeiras intensivas (que son á súa vez destinatarios do subproduto xa valorizado)

Un terceiro tipo de cliente, que está emerxendo neste momento, serían as explotacións agrícolas que, para obter certificados de calidade medioambiental, necesitan probar que xestionan correctamente os seus residuos.

## Idea inicial

A idea inicial xurdiunos ante a demanda puntual dun matadoiro nun momento en que se estaban pechando os vertedoiros municipais, que ata o momento constituían o destino habitual dos residuos orgánicos. A partires de entón, só funcionarían vertedoiros privados cun nivel de prezos mais elevado.

De forma paralela, a Unión Europea establecía unha normativa sobre valorización dos residuos como abono agrícola.

Analizamos as necesidades, o potencial do mercado e as posibilidades de éxito que tiñamos e nos implicamos de cheo no proxecto.

## Principales dificultades y amenazas futuras

Canto ás ameazas, hai que ter en conta que se trata dun sector en constante evolución e dependemos polo tanto de criterios normativos. De feito, a evolución da empresa estivo sempre supeditada á evolución da normativa. O que temos claro é que se trata dun sector con potencial e ao que lle queda aínda moito percorrido.

Canto á competencia, a ameaza fundamental é a falta de profesionalidade, xa que xera unha mala de percepción sobre o sector e, como consecuencia, a perda de confianza do mercado. No entanto, a aparición de empresas que traballen con profesionalidade, contemplámola coma un elemento positivo para todos.

## Perfil promotores

Álvaro Onega posúe estudos de enxeñería técnica agrícola e traballou na empresa do seu pai, dedicada a prestar servizos agrícolas con maquinaria especializada. Desenvolveu o proxecto de modernización da empresa.

Severiano Onega é veterinario e aporta experiencia profesional en sanidade animal. Estivo sempre vinculado á empresa familiar nos aspectos administrativos e de xestión.



## Aptitudes necesarias

Non cremos nos perfís de empresario como un concepto pechado. Cremos que calquera pode ser empresario, pero é certo que non se pode montar unha empresa sen ter iniciativa e paixón polo que fas. Ver cómo funciona o mercado, buscar boas oportunidades.

## Guía de Actividad

**O tratamento de residuos** ([www.guias.bicgalicia.es](http://www.guias.bicgalicia.es))

## Motivacións

**Dedicarme ao que me gusta**  
**O reto que supón**

## Formación

### **¿Recibiú información específica sobre a creación de empresas?**

Si, o programa Lanza do IGAPE (o actual Programa Emprendedores) e un curso sobre creación de empresas da Escuela de Organización Industrial.

### **¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?**

Si, axudounos moito tanto a formación coma a experiencia previa relacionada con este mercado.

## Anecdótico

É moi difícil loitar contra a mentalidade e convencer á xente de que xeramos un valor engadido e non somos piratas que nos levamos lodos das explotacións.

Unha anécdota que nos aconteceu na época do incidente do Prestige foi que a nosa empresa saíu nos medios de comunicación e se dicía que nos dedicábase a levar os residuos do buque ás explotacións agrícolas. Por suposto era falso e non foi máis que un malentendido.

